

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 22 Abril 2016 00:10



O sábado 23 de abril, Día do Libro, entre as 12:00 e as 14:00 horas, Espazo Lectura celebra por noveno ano consecutivo o Dar de ler coma quen dá de beber, inserido dentro da programación da Semana do Libro e a Lectura 2016. Mantense así a proposta anual de ler e compartir lecturas nun espazo público arredor do Día do Libro. Dende a asociación animan a acudir ao Café Keik (rúa das Ánimas 10, Gondomar), e sentar a escoitar os textos que se van ler.

Dar de ler coma quen dá de beber é unha actividade que toma o seu nome dunha frase do escritor Álvaro Cunqueiro e que Espazo Lectura celebra anualmente arredor do Día Internacional do Libro (23 de abril). Consiste nunha lectura de textos, colectiva e en voz alta, que se realiza nalgún espazo público e na que participan arredor de 30 persoas, que len os textos elixidos por elas mesmas, co ánimo de sensibilizar a cidadanía sobre a importancia da lectura. Trátase dunha actividade itinerante, que busca levar a lectura a lugares nos cales habitualmente non está presente, apostando por abrir espazos e tempos para a lectura e por facer desta un lugar de encontro.

Unha semana completa de actividades arredor do libro e a lectura

Coa celebración do IX Dar de ler coma quen dá de beber inaugúrase a Semana do Libro a Lectura 2016, cunha completa programación entre os días 23 e 30 de abril:

– Sábado 23 entre as 12:00 e as 14:00h (Café Keik): DAR DE LER COMA QUEN DÁ DE BEBER. Sesión de lecturas compartidas en voz alta. Entrada libre.

– Luns 25 ás 18:00h (Biblioteca Municipal Gondomar): **CONTOMAR**. Contacontos para nenos e nenas de 3 a 9 anos.

– Martes 26 ás 20:00h (Biblioteca Municipal Gondomar): **CLUB LECTURAS DEBUXADAS**. Cómic proposto: **DÉDALUS EN COMPOSTELA** (edit. Dep. de Ourense e Fundación Vicente Risco). Contaremos coa presenza do autor, **FERNANDO IGLESIAS**.

– Mércores 27 en horario escolar (Auditorio Municipal Lois Tobío, Gondomar). Actividade para os **CENTROS SOCIO-PROTECTORES DE ESPAZO LECTURA**. Espectáculo: **ROSA CAMELO**, da compañía **TALÍA TEATRO**.

– Mércores 27 ás 18:00h (Nogueira 8, Donas). **CASA DA LECTURA**. Sesión de dinamización lectora (3-10 anos).

– Venres 29 ás 18:00h (Biblioteca Municipal Gondomar). **CONTOS EN CUEIROS** Sesións de achegamento á lectura dende as cancións, os contos e os xogos (para bebés de 0 a 3 anos). Inscripción previa.

– Sábado 30 ás 12:00h (Biblioteca Municipal Gondomar): **CLUB DE LECTURA COMPARTIDA LENDO CONTIGO**. Libro proposto: **AS TERAPIAS DA DOUTORA LEDICIA** (edit. Galaxia). Contaremos coa presenza da autora, **RAQUEL CASTRO**.